

■ *Telexornal Mediodía FDS*

Os maltratadores reedúcanse no respecto para evitar o cárcere

Publicado o 28/01/2017 14:52



Os maltratadores con condenas inferiores a dous anos teñen a posibilidade de evitar o cárcere a cambio de asistir a un curso de reeducación. Tamén se imparten nos centros penitenciarios. A maioría non reinciden.

O maltratador debe cambiar os ollos cos que mira a muller, polo feito de ser t.

"Cada vez que falamos de violencia, falamos de dano. Socialmente, hai xente c

ve dano nun insulto, nunha coacción, nun menosprezo, nun control. E imos ar todo iso no programa", sinala Víctor Fraga, director de programas no centro penitenciario de Monterroso.

O machismo é unha conduta aprendida socialmente. Nos cursos de reeducación impoñen como alternativa ás condenas menores de dous anos, os agresores a condutas de respecto e igualdade. Os resultados dos cursos son positivos.

"Hai un cambio de actitude por pasar polo programa. Preséntanse unha serie situacións que hai que resolver desde o respecto, a igualdade, a convivencia, c mesmo e cos demais. Non volve reincidir ninguén", asegura Fraga.

O colexio oficial de psicólogos está a desenvolver hoxe un seminario sobre técnica de reeducación, que teñen un dobre fin, protexer a todas as mulleres vítimas e reeducar ao agresor. Motivalo ao principio do curso é clave para un bo final.

■ Telexornal Mediodía FDS 28/01/2017



II Simposio sobre a Biopsia Líquida e Compostela

28/01/2017 14:50:03



Os maltratadores reedúcense no res para evitar o cárcere

28/01/2017 14:52:08



A Xunta destina 200.000 euros a axu para adquisición de taxis adaptados

28/01/2017 14:53:48



Esta mañá en Vigo un condutor atropou un viandante nunha zona peonil da cidade

28/01/2017 14:55:19



Impactante accidente en Nova York: vítimas mortais

28/01/2017 14:57:21